XXII Concurso

FOTOGRAFÍA CIENTÍFICA

2025



Foto: "*Physalis alkekengi*"
Autor: Mauro Rivas Ferreiro
(1er Premio ano 2024)

Participantes

Membros da Universidade de Vigo

Bases do Concurso

1.- Poderán participar só os membros da Comunidade Universitaria.
2.- Tema: calquera tema relacionado coa fotografía científica.
3.- Admitiranse un máximo de 3 obras por autor, que deben ser inéditas.
4.- Admitiranse traballos tanto en branco e negro como a cores, realizados con calquera técnica.
5.- O tamaño mínimo das fotografías será de 10 x 15 cm e o máximo de 20 x 30 cm. As obras deberán ir montadas sobre cartolina, cun marco de polo menos 2 cm onde figurará o título da obra.
6.- Cada participante entregará dous sobres cerrados: un deles, marcado externamente coa palabra "obra", conterá as obras identificadas cun pseudónimo; no outro sobre, indicarase externamente o "pseudónimo elixido", e incluirá o nome do autor, teléfono, correo electrónico e facultade á que pertence (incluíndo o curso e estudos, para os alumnos).
7.- O *prazo de admisión de fotografías será dende o 3 ao 7 de novembro* ás 20:00 horas.
8.- As obras depositaranse na Biblioteca do Edificio de Ciencias Experimentais.
9.- **Premios:**
1º premio: **250 euros**; 2º premio: **150 euros;** 3º premio: **tres premios de 100 euros cada un**.
10.- O xurado estará composto por:
- dous representantes do PDI; un representante do PAS; dous representantes do alumnado.
11.- O fallo do xurado será inapelable e cada autor só terá dereito a un premio.
12.- Realizarase unha exposición das obras no Edificio de CC. Experimentais a partir do 13 de novembro.
13.- A *entrega de premios terá lugar o día 13 de novembro* no acto de celebración de San Alberte, a partir das 13:30 h no salón de Actos do Edificio de Ciencias Experimentais.
14.- Todas as obras premiadas pasarán a ser propiedade da Facultade de Bioloxía, que poderá facer uso libre delas, citando sempre o nome do autor, o cal deberá entregar unha copia dixital da obra en máxima resolución.
15.- Os traballos non premiados poderán recollerse no Decanato ata o 18 de decembro.
16.- Toda obra que non cumpra estes requisitos quedará fora de concurso.
17.- O feito de participar supón a total aceptación destas bases.

Universidade Vigo

Patrocina
Vicerrectoría de Extensión Universitaria

Organiza
Facultade de Bioloxía